

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 1 de febreiro de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, e se convocan as persoas aspirantes á realización do primeiro exercicio (probos de lingua galega) do proceso selectivo para cubrir 37 prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, pola quenda de promoción interna, vacantes no cadro de persoal laboral.

Mediante a Resolución reitoral do 15 de marzo de 2022 (DOG do 28 de marzo) convocáronse probas selectivas para cubrir 37 prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución reitoral do 23 de setembro de 2022 (DOG do 6 de outubro) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo, e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas e que non están exentas deste exercicio para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probos de lingua galega), o día 23 de marzo, ás 10.00 horas, no Seminario de Psicoloxía Evolutiva, módulo A, 1º andar, da Facultade de Psicoloxía, situada no Campus Vida.



A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos demais exercicios efectuaráa o tribunal nos locais onde se realizou a proba anterior, no taboleiro electrónico da Universidade e na páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o dito recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: oepf489-lkq6-sfe8-uel9-q7bxoseusy0

